



# Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)

Praza Maior, 1. C.P. 32130 Cea-Ourense. ☎ 988 282 000 Fax: 988 282 008  
[concello@concellodecea.com](mailto:concello@concellodecea.com) / [www.concellodecea.com](http://www.concellodecea.com)

## DECRETO DA ALCALDÍA.-

Visto o escrito recibido con data 2 outubro de 2015 no que se lle comunica a este Concello o acordo adoptado polo Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Ourense, en sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2015, sobre o convenio marco de cooperación entre a Deputación de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

### RESOLVO:

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de San Cristovo de Cea ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2º.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3º.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Santiago Mansilla Vázquez. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde-Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

Así o dispón o Sr. Alcalde-Presidente, D. José Luís Valladares Fernández, en San Cristovo de Cea, a vinte de outubro de dous mil quince, ante min, o Secretario, que certifico.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.: José Luís Valladares Fernández.-



Ante min:  
O Secretario,

Asdo.: Santiago Mansilla Vázquez.-